

ESTREA EN NUMAX: 22.05.2015

FICHA TÉCNICA

Güeros, 2014, 106 minutos

Dirección: Alonso Ruizpalacios

Guión: Alonso Ruizpalacios, Gibrán Portela

Reperto: Tenoch Huerta, Sebastián Aguirre, Ilse Salas, Leonardo Ortízgrís, Raúl Briones, Laura Almela, Adrian Ladron, Camila Lora, Alfonso Charpener

Montaxe: Yibrán Asuad, Ana García

Dirección de arte: Claudio Contreras

Son: Zulu Gonzalez

Música: Tomas Barreiro

Fotografía: Damián García

Produtora: Catatonia Filmes, Conaculta, FOPROCINE, Postal Producciones

Distribuidora: Good Films

Formato de proxección: DCP 2K, 1.37:1

«Hay un cine que está hablando sin grandilocuencia de una nostalgia particular de la juventud actual, una nostalgia inventada, que añora el tiempo que no tuvo, negada la calle en favor de las pantallas, que habla, como *Güeros*, de vidas míticas cochambrosas y maestros en el desgüace»

David Trueba, *El País*

SINOPSE

É 1999. Fede, tamén coñecido polos seus amigos como Sombra, vive con Santos nun prefabricado de formigón. Nesa altura están en folga contra a folga que os seus compañeiros están a organizar na Universidad Nacional Autónoma de México. Tomás trae unha casete canda el; a fita é parte do legado de seu pai e contén música de Epímenio Cruz. Din que as súas cancións fixeron chorar a Bob Dylan, e que podería ter salvado da ruína a escena rockeira de México. Cando o trío se entera de que o seu ídolo está no hospital, esvaecendo rápido e só, marchan nun coche enferruxado para lle rendir os seus últimos respectos a esta outrora estrela do rock.



Carlos Aguilar entrevista Alonso Ruizpalacios

Foi a túa intención orixinal facer un filme que destacase a Cidade de México como único escenario? Se non, como xurdiu a idea de facer Güeros?

A orixe deste filme foi a necesidade de dedicarlle unha carta de amor á Cidade de México, que é a cidade onde vivín toda a miña vida. A meirande parte da xente que medrou alí ten pasado moito tempo nos seus coches. Esencialmente, vivimos nos nosos coches, comemos nos nosos coches, fodemos alí e tamén nos metemos en liortas. A cidade e os coches están moi conectados. Parece lóxico. Cando comecei a facer o filme tiven esta necesidade de coñecer mellor a cidade, porque non se pode chegar a coñecela plenamente. É unha cidade que ten un monte de fronteiras e hai lugares onde realmente non se pode ir. Hai certos tabús sobre algúns deses lugares dentro da cidade. Polo tanto, a idea de atravesar estas fronteiras para chegar a coñecer máis a fondo a cidade foi un dos principais obxectivos do filme. Outra cousa era a memoria de algo que adoitaban facer os meus amigos para matar o tempo cando andaban na folga do 99, que consistía en subir ao coche e conducir sen destino tan lonxe como puideran. Esta idea da condución sen destino e o redescubrimento da Cidade de México foron parte das imaxe que tiven en mente durante a realización do filme.

O filme toca moitos problemas da sociedade mexicana, un deles a división de clase ligada moi a miúdo cos prexuízos raciais. É algo que todos sabemos pero que case nunca discutimos. Efectivamente, ese é un dos temas, pero non diría que fose o central. Penso que se fas un filme sobre a Cidade de México non podes evitar retratar a diferenza de clase, o clasismo e racismo que existe. Moitas veces isto non é tan evidente como noutros países, ou como o foi noutra época. Supostamente acadamos un certo grao de aceptación e igualdade, pero en realidade hai moita tensión social. Lidar con isto é moi complexo porque é un tema delicado que nin sequera nós, os mexicanos, nos atrevemos a aceptar. É importante comezar por aceptar a súa existencia.

A xente aínda é racista, de xeito que a xente de pel escura se desligou dos güeros [persoas de pel clara] e viceversa, os güeros da xente de pel escura.

Sinto que as nosas obras de ficción, novelas ou filmes, non observaron realmente este aspecto da mexicanidade ou da identidade mexicana. É algo do que rara vez se fala. Nos EE.UU. hai unha tradición ou disposición a falar sobre temas raciais, pero en México facemos como que non existen. Cando se pon de relevo convírtese nunha cuestión delicada, e por iso coído que a comedia é a ferramenta perfecta para debater calquera cousa. A comedia ten carta branca para facer fronte a calquera tema. Houbo xente que me ten dito que o filme é racista. Que? É absurdo. O feito de que os filmes falen do racismo non significa que sexan filmes racistas. [...]

Un dos elementos máis divertidos e sofisticados do filme é o diálogo. Definitivamente, é hilarante e conmovedor ao mesmo tempo. Como fixeches para acadar ese ambiente natural e despreocupado sen deixar de premer todas as notas emocionais axeitadas? Sabía que unha porcentaxe do filme tiña que ser improvisada, fresca. Sabiamos que non íamos conseguir algo natural de escribírmolo todo moi rixidamente. Deseñei algunhas escenas específicas para que fosen improvisadas polos actores, pero o resto do filme estaba moi ben estruturado. Escribín o guión con Gibrán Portela, con quen xa traballara antes no teatro. No teatro estás realmente implicado no diálogo, así que para o filme traballamos con el para acadar un ritmo moi particular. O filme é unha estraña mestura entre secuencias moi estruturadas, moi refinadas, e outras moitas máis improvisadas, para atopar esa frescura. Por exemplo, a parte na que Sombra e Ana fan unha escena de *Los Olvidados* de Buñuel foi unha secuencia que improvisamos. Démoslles aos actores unha botella de mezcal e embededámoslos. Filmamos mentres andaban de brincadeira por aí. Pero tamén houbo momentos nos que eu non lles deixaba mudar nin unha soa palabra do guión.

Publicado o 21 de maio de 2015 en <http://blogs.indiewire.com/sydneylevine/interview-in-gueros-dir-alonso-ruiz-palacios-rediscovered-mexico-city-via-a-unique-road-trip-20150521>. Tradución do inglés orixinal: Pablo Cayuela

NA LIBRARÍA NUMAX

Los detectives salvajes, Roberto Bolaño, Anagrama
La etapa mexicana, Luis Buñuel [DVD]
Pack Jim Jarmush [DVD]
Melquiades Herrera, Alias

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org